

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN NOIA O 11 DE NOVEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Noia, duns camiños de servizo da AC-549 de titularidade autonómica, xunto co seu dominio público viario (DPV), e dunhas franxas de DPV, entre Eiroa, Carracido, o centro comercial Eroski e o Río do Porto, na parroquia de Barro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de setenta e seis mil trescentos sesenta e dous euros (76.362,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a escisión parcial da sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. e a constitución dunha nova sociedade denominada Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. e se aproban os seus estatutos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado de mellora da drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 en Meaño e Sanxenxo.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato para a redacción do proxecto de obra do novo centro de saúde de Noia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, derivada da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia para as anualidades 2025 e 2026, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00€), así como a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta, tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da vendima 2024 nas denominacións de orixe galegas.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a realización de pagamentos á conta en contía superior á establecida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2025. Importe total: once millóns catrocentos corenta e seis mil euros (11.446.000,00€). Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de mellora de abrigo e dotación de atracadas no porto de Portosín, por importe de dous millóns trescentos oitenta e un mil seiscientos sesenta e tres euros con seis céntimos (2.381.663,06 €), IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as actuacións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na contorna do Barbanza nos anos 2023 e 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o programa Mocidade polo Clima.
- Informe sobre o saneamento e depuración nos concellos da Ría Muros-Noia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a elaboración do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos CIM de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o resultado das medidas de impulso á transformación dixital para autónomos e pemes no ano 2024

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de trazado de conversión en autovía do Corredor CG-1.5, Brión –Noia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal: incorporación de tres novas patoloxías.
- Informe sobre os plans locais de saúde. Evolución do proxecto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a posta en marcha do sistema de reclamación dixital en materia de consumo.
- Informe sobre a actualización e mellora do procedemento sancionador dirixido ás persoas inscritas no Servizo Público de Emprego no marco do programa de seguimento intensivo da demanda de emprego.
- Informe sobre a rehabilitación da praza de abastos de Noia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe relativo aos investimentos de Portos de Galicia nas comarcas de Noia-Barbanza en 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE NOIA, DUNS CAMIÑOS DE SERVIZO ENTRE EIROA, CARRACIDO, O CENTRO COMERCIAL E O RÍO DO PORTO, NA PARROQUIA DE BARRO

- Transfírense distintos treitos das marxes da estrada autonómica AC-549
- O Concello terá competencia para actuar nestas vías e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Noia, duns camiños de servizo da estrada autonómica AC-549, xunto co seu dominio público viario, e dunhas franxas de dominio público, entre os núcleos de Eiroa e Carracido, e entre o centro comercial e o núcleo de Río do Porto, na parroquia de Barro.

A entidade local solicitou á Xunta a transferencia da titularidade da marxe esquerda da AC-549, entre os puntos quilométricos 2+560 e 2+990, e entre os puntos 2+410 e 2+040, para mellorar as comunicacións entre os núcleos da parroquia de Barro. Posteriormente, o Concello solicitou tamén o cambio de titularidade da vía de servizo da marxe dereita da AC-549, entre os puntos quilométricos 2+550 e 2+980.

Trátase de treitos cun interese de marcado carácter local e urbano sen funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (Raega), que discorren na súa totalidade pola parroquia de Barro, no concello de Noia.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia de distinto camiños entre o centro comercial Eroski e o núcleo de Río do Porto, e entre os núcleos de Carracido e Eiroa.

A transferencia a prol do Concello de Noia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado, o Concello de Noia terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 18% O APOIO AO CONCELLO DE OROSO PARA AMPLIAR ATA OS 130 OS USUARIOS DO COMEDOR DO COLEXIO CEIP PLURILINGÜE DO CAMIÑO INGLÉS

- O Goberno Galego eleva a máis de 76.000€ a contía do convenio para incrementar en 20 o número de comensais, atendendo á demanda do servizo de comedor
- A Xunta mantén o seu compromiso coa conciliación familiar e educativa en Galicia, beneficiando 14 concellos destes programas de comedor en colaboración

A Xunta de Galicia aprobou unha terceira addenda ao convenio de colaboración co Concello de Oroso para o apoio á xestión do servizo de comedor escolar. Deste xeito, incrementarase nun 18% a contía do convenio, ata os 76.362€ (11.748€ máis), o que permitirá ampliar ata 130 os usuarios de comedor escolar no Colexio CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés. Esta ampliación de 20 comensais responde á crecente demanda de prazas de comedor, co obxectivo de facilitar a conciliación familiar.

Este apoio económico por parte da Xunta de Galicia permitirá ao Concello de Oroso xestionar o servizo de comedor de forma eficaz, incluíndo a contratación dos menús e o coidado do alumnado durante as comidas, mentres que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional subvencionará os custos dos menús escolares. O convenio ten vixencia ata o curso 2025/26, incluído.

A Xunta de Galicia colabora na actualidade con 14 concellos de toda a xeografía galega que xestionan comedores escolares, en concreto con Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Sarria e Vilalba. Un total de 4.809 alumnos beneficianse destes convenios de colaboración cos concellos. Ademais, a Consellería de Educación destina 1,6M€ para axudas ás anpas que xestionan comedores escolares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A NOVA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA PERMITIRÁ AVANZAR NOS RETOS MARCADOS NESTE EIDO

- A sociedade autorizada hoxe polo Consello da Xunta ten o obxectivo de promover 2.350 vivendas públicas ata 2028, para conxuntamente coas impulsadas polo IGVS acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura
- Neste sentido a Xunta ten xa máis de 1.600 vivendas en distintas fases de execución
- Pola súa banda, a Consellería de Economía e Industria pasa a asumir a tutela funcional de Xestur, que continuará xestionando o solo industrial na comunidade
- A nova sociedade disporá do solo residencial, actualmente titularidade de Xestur, de tal xeito que poderá iniciar a construción de vivendas de promoción pública de xeito inmediato
- Ademais, disporá do solo obxecto de cesión polo IGVS ou polos concellos. Unha vez sexan redactados os proxectos de edificación correspondentes, executará as obras e entregará as vivendas aos adxudicatarios
- A escisión ten a súa orixe na nova estrutura do Goberno galego e na previsión de actuacións para os vindeiros anos, en que se incrementará significativamente tanto a actividade de vivenda como a de solo empresarial, o que fai recomendable, co obxecto de garantir a súa viabilidade económico-financeira, a separación das actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por Xestur

O Consello da Xunta autorizou hoxe a creación da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, nacida da escisión de Xestur e que desenvolverá vivenda pública na nosa Comunidade. Segundo salientou o titular do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, esta nova sociedade permitirá "axilizar toda a tramitación e a xestión que permita tanto dispoñer de chan para vivenda como construír estas vivendas", avanzando así nos "retos importantes que temos marcados en materia de vivenda pública nesta lexislatura".

Así, Rueda lembrou "esa liña que estamos seguindo de aposta decidida por promocionar a vivenda pública tanto de promoción autonómica como de protección pública en Galicia", lembrando que xa se teñen dado importantes pasos, como "triplicar xa no ano 2025" o orzamento ata chegar os 126 millóns, reducir á metade o prazo de tramitación do solo dedicado a vivenda protexida, ou subir os limiares de renda "para que máis xente poida acceder e verse beneficiada das políticas públicas de promoción de vivenda.

Ata o de agora, a actividade de Xestur concretábase na promoción e xestión de solo empresarial e na promoción e xestión de solo residencial incluíndo, neste último caso, a edificación e promoción de vivendas.

Xestión de Solo de Galicia, Xestur, estaba adscrita á consellería competente en materia de xestión e desenvolvemento de solo empresarial e residencial (antiga Consellería de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Territorio, Medio Ambiente e Vivenda), e estaba tutelada funcionalmente polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo.

Na nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, o IGVS adscíbese á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, con competencias en materia de vivenda; as competencias en materia de solo empresarial traspásanse á Consellería de Economía e Industria, que pasa a asumir a tutela funcional de Xestur.

Polo tanto, cómpre separar o patrimonio e as actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por Xestur, de xeito que pase a posuír o patrimonio e desenvolver, de forma única, as actividades relacionadas co solo empresarial, e que a actividade de vivenda e solo residencial pase a unha sociedade de nova creación.

Neste proceso de división de actividades e patrimonio, os actuais socios de Xestur manterán as mesmas cotas de participación, tanto na propia Xestur como na nova sociedade de vivenda.

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia ten o obxectivo de promover 2.350 vivendas públicas ata el 2028, para conxuntamente coas impulsadas polo IGVS acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura. Neste sentido a Xunta ten xa máis de 1.600 vivendas en distintas fases de execución

Para este reto, a sociedade disporá do solo residencial actualmente titularidade de Xestur, de tal xeito que poderá iniciar a construción de vivendas de promoción pública de xeito inmediato.

Ademais, disporá do solo obxecto de cesión polo IGVS ou polos concellos. Unha vez que sexan redactados os proxectos de edificación correspondentes, executará as obras e entregará as vivendas aos adxudicatarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DA DRENAXE DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS PO-550 E PO-504 EN MEAÑO E SANXENXO, CUN INVESTIMENTO DE 465.000 EUROS

- Trátase de resolver os problemas detectados na interconexión entre as redes de pluviais e fecais destas dúas vías autonómicas nos estudos do Plan de saneamento local na ría de Arousa
- O proxecto inclúe a continuidade do itinerario peonil na marxe esquerda da PO-504 en Sanxenxo, completando as accións xa executadas de mellora da seguridade viaria
- A previsión da Xunta é licitar as obras e convocar as expropiacións no primeiro trimestre do vindeiro ano, para executar os traballos ao longo de 2025

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para executar as obras de mellora da drenaxe das estradas autonómicas PO-550 e PO-504, en Meaño e Sanxenxo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación roldará os 465.000 euros, incluíndo o pagamento dos 2 predios necesarios para impulsar este proxecto, coordinado entre as consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través de Augas de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas, respectivamente.

Con esta actuación, que terá consecuencias positivas tanto para estas dúas vías autonómicas como para a calidade das augas da ría de Arousa, trátase de resolver os problemas identificados nestas estradas pola entidade hidráulica da Xunta, no marco dos estudos do Plan de saneamento local nesta ría.

Deste xeito, desenvolveranse as obras precisas para que a rede de drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 funcione de xeito independente da rede de saneamento na súa zona de proximidade á ría de Arousa. En concreto, identificáronse 10 puntos problemáticos, dous na PO-504 no seu tramo máis próximo á PO-550, e os outros 8 na propia PO-550.

Ademais, co proxecto autorizado hoxe polo Executivo autonómico tamén se dará continuidade ás distintas intervencións realizadas o pasado ano de mellora da seguridade viaria e peonil da PO-504, vía de 4,46 km que vertebra de norte a sur o concello de Sanxenxo, ás que se destinou un investimento de máis de 1 M€.

Neste caso, trátase de completar a mellora da accesibilidade peonil no itinerario desta vía autonómica, que ten unha interrupción entre os puntos quilométricos 4+260 e 4+340. Deste xeito, neste treito propónse a execución de beirarrúa na marxe esquerda da estrada, permitindo a conexión entre o tramo anterior e posterior da mesma vía e a mellora da seguridade peonil.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos dous predios necesarios para executar esta intervención, pertencentes ao concello de Sanxenxo. A superficie de expropiación é de 323,80 m².

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro trimestre de 2025, co obxectivo de iniciar os traballos ao longo do vindeiro ano. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Exemplo dun dos puntos identificados nestas vías en que se mellorará a drenaxe:



Plano do novo itinerario peonil na PO-504:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A MELLORA DE 62 PARADAS DE AUTOBÚS AO SEU PASO POR DEZ CONCELLOS NAS RUTAS DE ACCESO A SANTIAGO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1M€

- As intervencións levaranse a cabo nas paradas situadas en tres vías da rede autonómica de estradas ao paso polos concellos de Noia, Boiro, Carnota, Dodro, Muros, Outes, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e A Pobra do Caramiñal
- As actuacións consisten na mellora dos apartadoiros para autobuses e as cuñas de entrada e saída, e no acondicionamento dos itinerarios peonís na zona das paradas
- Colocaranse refuxios de tipo rural e urbano e efectuaranse melloras do pavimento nas contornas das paradas
- A Xunta convocará o levantamento de actas previas no primeiro trimestre de 2025, para poder licitar as obras ao longo de 2025
- O obxectivo é fomentar o uso do transporte público, diminuindo os movementos de curto e medio percorrido en transporte privado cara ás cidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade de 62 paradas de autobús situadas en tres estradas autonómicas, nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago, que suporán un investimento de máis de 1 M€.

Trátase de intervir nas estradas AC-543, AC-550 e AC-305, ao seu paso polos municipios de Noia, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Carnota, Dodro, Muros, Outes, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 29 predios necesarios para executar esta intervención. A superficie de expropiación definitiva é de 360,32 m².

Unha vez autorizado hoxe este proxecto, a Xunta convocará o levantamento de actas previas no primeiro trimestre de 2025, para poder licitar as obras ao longo de 2025, con cofinanciamento de fondos europeos Feder 21/27.

As actuacións

En concreto, actuarase na mellora da accesibilidade no municipio de Noia, en 6 paradas, na Pobra do Caramiñal en 3; en Boiro, en 6; en Carnota, en 5; en Dodro, en 2; en Muros, en 11; en Outes, en 4; en Porto do Son, en 11; en Rianxo, en 3, e en Ribeira, en 11.

As actuacións consisten, entre outras, na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como no acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

O proxecto abrangue a colocación de refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, maioritariamente de tipo urbano, agás casos puntuais en que serán de tipo rural, en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ ESTA SEMANA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRA DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE NOIA POR PRETO DE 400.000 EUROS

- O investimento do Goberno galego neste novo centro estímase en arredor de 10 M€ entre obra e equipamento
- O centro de saúde disporá dunha superficie de máis de 3.300 metros cadrados
- Contará cunha área asistencial de atención clínica con 21 consultas, área de pediatría e novas unidades, como área de fisioterapia e rehabilitación ou de saúde mental
- Ademais, integrará o punto de atención continuada, con catro consultas, e contará con base do 061 na área de urxencias

A Xunta licitará esta mesma semana o expediente de contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra do centro de saúde de Noia, por importe de preto de 400.000 euros.

Segundo as previsións do Goberno galego, prevese que o proxecto poida estar redactado a finais do vindeiro ano, o que permitirá a licitación e o inicio da execución das obras en 2026. A este respecto, a reunión semanal do Executivo galego aprobou o acordo polo que se toma razón desta licitación.

O Goberno galego prevé investir aproximadamente 10 millóns de euros no novo centro de saúde de Noia, tendo en conta a execución do edificio e o seu equipamento. A nova infraestrutura sanitaria de atención primaria contará cunha superficie construída de máis de 3.300 m² e situarase nunha parcela en que se poden alcanzar os cinco andares de altura.

As instalacións do novo centro de saúde disporán dunha área asistencial de atención clínica con 21 consultas de medicina, enfermaría, farmacia, odontoloxía e hixienista, ademais das correspondentes salas de técnicas, de toma de mostras e de espera de pacientes.

Tamén disporá dunha área de pediatría, con 3 consultas, médicas e de enfermaría, cunha sala de observación e unha sala de lactación. Xunto con isto, engádese a área de atención á muller, con dúas consultas.

Contará, ademais, con novas unidades, como a área de fisioterapia e rehabilitación, cunha consulta de fisioterapia e unha sala de fisioterapia; a área de saúde mental, con 5 consultas: psiquiatría, psicoloxía, enfermaría e traballo social; e a Unidade Preventivo Asistencial de Drogodependencias (UPAD) con 4 consultas: psiquiatría, psicoloxía, traballo social e dispensación.

O centro integrará o punto de atención continuada, PAC, con dúas consultas de medicina xeral, dúas de enfermaría e unha sala de reanimación e observación; e na área de urxencias contará con base do 061.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 150.000 EUROS EN AXUDAS PARA NOVOS VIDEOXOGOS GALEGOS

- O Consello dá luz verde ás bases dunha nova convocatoria para este sector, a través da que cada proxecto subvencionado contará con ata 25.000 euros para as diferentes fases que van da creación á chegada ao mercado
- Búscase promover a xeración de contidos galegos e en galego, e favorecer a profesionalización e a creación de emprego neste ámbito, con especial énfase na incorporación de mulleres aos equipos

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria de subvencións para o desenvolvemento do sector dos videoxogos, que contará con 150.000 euros para cofinanciar novos proxectos neste ámbito. Con este investimento, búscase promover a xeración de contidos galegos e en galego, así como favorecer a profesionalización e a creación de emprego por parte das empresas galegas neste ámbito.

Con tal fin, as contías concedidas destinaranse ás diferentes fases do proceso vinculado á chegada ao mercado de novos videoxogos de selo galego, desde a súa creación e desenvolvemento, ata a produción, edición, distribución e comercialización. As bases establecen unha axuda máxima de 25.000 euros por proxecto, cunha intensidade de ata o 75% do orzamento subvencionable, de xeito que poidan apoiarse, como mínimo, seis novos títulos.

Trátase da primeira vez que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, xestiona estas subvencións con fondos propios, tras a convocatoria publicada en 2022 ao abeiro do Hub Audiovisual Industria Cultural Galega e financiada cos fondos Feder dentro do eixo React-UE. A partir do diálogo co sector, as bases para 2025 introducen unha serie de modificacións tanto nos criterios de adxudicación como de xustificación para unha mellor adaptación desta liña de apoio á tipoloxía da maioría das empresas galegas do sector.

Criterios de valoración

Para a concesión destas axudas, en réxime de concorrència competitiva, valorarase unha serie de criterios automáticos e técnicos, de acordo cos cales se puntuará o interese cultural dos proxectos, a súa contribución á promoción do idioma galego e a súa capacidade de creación de emprego, con especial atención á incorporación das mulleres aos equipos, así como á diversidade do público a que se dirixen.

Terase en conta, así mesmo, o carácter innovador e o valor engadido das propostas, a súa capacidade para xerar sinerxías con outros sectores, a súa viabilidade técnica e económica ou a incorporación de ferramentas de avaliación dos seus resultados, entre outros aspectos.

Este novo investimento no desenvolvemento de videoxogos responde ao gran potencial creativo e tecnolóxico do sector en Galicia, coa finalidade de contribuír ao seu actual proceso de vertebración para incrementar a súa base e capacidade empresarial, así

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como para lograr unha maior proxección social do seu traballo a través de propostas de calidade e competitivas no mercado global.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA POR RIBA DO 75% O ORZAMENTO PARA 2025 DAS AXUDAS Á ELABORACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS ATA CHEGAR AOS 11,4 M€

- Estas achegas teñen como finalidade mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola galego e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade
- Poden beneficiarse delas as empresas vitivinícolas (fundamentalmente as adegas), as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica, as organizacións interprofesionais e as organizacións profesionais
- Son subvencionables os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmobles, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de mercado do produto e os gastos administrativos, sempre que en conxunto non superen o 4% dos custos subvencionables totais

A Xunta incrementará por riba do 75% o orzamento da convocatoria de 2025 das axudas para apoiar a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas ata chegar aos 11,4 millóns de euros. Así se recolle na orde pola que se convocan estas achegas, que foi aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego e que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

Estas axudas teñen como finalidade mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola galego e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade. Poden beneficiarse delas as empresas vitivinícolas (fundamentalmente as adegas), as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica, as organizacións interprofesionais e as organizacións profesionais.

Xa que logo, os principais obxectivos destas subvencións son, entre outros, os de fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario, así como impulsar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, da eficiencia enerxética global, da utilización de enerxías renovables e da valorización e tratamento dos residuos.

Procúrase, así mesmo, fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas, a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade. Outros obxectivos pasan por favorecer a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, polo incremento da dimensión empresarial, pola participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor ou por impulsar os investimentos en comercialización e promover a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas.

Mediante estas subvencións pódense financiar os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmobles, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mercado do produto e os gastos administrativos, sempre que en conxunto non superen o 4% dos custos subvencionables totais da operación. Tamén serán subvencionables a adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e de patentes, licenzas, dereitos de autor ou o rexistro de marcas colectivas.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria comezará o día seguinte ao de publicación desta orde no DOG e rematará o 31 de xaneiro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REMATA A VENDIMA 2024 CON 74 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA RECOLLIDOS NAS CINCO DENOMINACIÓNS DE ORIXE VITIVINÍCOLAS

- Cos traballos xa finalizados, esta é a segunda maior colleita do último decenio e sitúase só un 4% por debaixo da campaña do pasado ano, superando nun 11% a media do dito período
- O 88% da uva colleitada correspóndese con variedades brancas, mentres que o 12% restante é de tinta
- As denominacións de orixe Monterrei e Valdeorras son as que experimentaron un maior incremento na recolla de uva, mentres que na de Rías Baixas, Ribeiro e Ribeira Sacra se experimentou un descenso en maior ou menor medida

Galicia rexistrou neste 2024 a segunda vendima máis abundosa da última década, segundo puido constatar a Xunta a través dun informe elaborado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural. Así, cos traballos xa rematados, recolléronse un total de 74.048.662 kg de uva, dos que 65.208.131 kg (88%) foron de uva branca e 8.840.531 kg (12%) de tinta, segundo os datos achegados polos consellos reguladores das denominacións de orixe.

A cantidade de uva recollida é un 11% superior á media do decenio 2015-2024 e só un 4% inferior con respecto á do pasado ano, que foi a segunda máis abundosa da historia. En canto ás denominacións de orixe, as de Valdeorras e Monterrei foron as que maior incremento experimentaron, mentres que Rías Baixas e Ribeiro descendieron lixeiramente e na Ribeira Sacra baixou a produción de xeito sensible.

Denominacións de orixe

Na seguinte táboa figuran os datos correspondentes á vendima de 2024 segundo as diferentes denominacións de orixe:

Denominación de orixe	Colleita (Kg)
Rías Baixas	42.140.930
Ribeiro	11.102.170
Ribeira Sacra	4.881.326
Valdeorras	8.229.772
Monterrei	7.694.464
TOTAL	74.048.662

Na denominación de orixe Rías Baixas, a cantidade de uva que entrou nas adegas supuxo un incremento dun 10,5% respecto da media do decenio 2015-2024 e foi un 5% inferior á da campaña 2023. Esta DO caracterízase polo predominio das variedades de uva branca, un 99% do recollido. Entre elas destaca a albariña, que cun 97% do total producido é a gran protagonista da denominación.

A denominación de orixe Ribeiro é a segunda en canto a volume recollido, cun 3,5% de cantidade de uva menos que na campaña pasada e case un 2% por riba do valor medio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do período 2015-2024. Esta denominación está especializada na produción de viños brancos e, de feito, as variedades brancas representan un 94% do total, fronte ao 6% das tintas.

Na DO Ribeira Sacra, a cifra de uva vendimada é inferior á da pasada campaña, debido á actual crise de excedentes polo descenso do consumo en xeral dos viños tintos. Neste caso, o 82% da uva recollida é de variedades tintas, mentres que o 18% restante é de brancas.

A uva recollida na DO Valdeorras supón un incremento dun 33% respecto da media dos últimos dez anos e dun 4% en relación coa campaña precedente. En canto á repartición varietal, nesta vendima colleitouse un 79% de uva branca e un 21% de tinta. Entre as brancas destaca a variedade Godello, a máis característica de Valdeorras, que representa o 93% das uvas brancas. En tintas a principal é a Mencía, cun 74% do total destas variedades.

Pola súa banda, o balance na denominación de orixe Monterrei é tamén positivo, xa que por primeira vez supera os 7 millóns de quilos de uva recollidos, cun aumento do 11% respecto do ano pasado e dun 37% sobre a media do decenio 2015-2024. Neste territorio, a variedade Godello supón o 55% de toda a uva vendimada e o 77% da branca, mentres que a Mencía representou un 22% de todas as variedades recollidas e o 75% se nos referimos ás tintas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR PRETO DE 2,4 M€ AS OBRAS DE MELLORA DO ABRIGO E AMPLIACIÓN DE ATRACADAS NO PEIRAO DE PORTOSÍN EN PORTO DO DON

- Os traballos consistirán na construción dun pantalán flotante de formigón para 17 embarcacións pesqueiras, a construción dun dique flotante de 120 metros para o seu abrigo e unha dragaxe de rocha de máis de 400 metros cúbicos
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de iniciar hoxe o procedemento de licitación pública das obras de mellora do abrigo e ampliación de atracadas no peirao de Portosín, no municipio coruñés de Porto do Son. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación, cun orzamento base de preto de 2,4 millóns de euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días hábiles para presentar as súas ofertas.

As obras previstas consisten na construción dun pantalán flotante de formigón para 17 embarcacións pesqueiras e a construción dun dique flotante de 120 para o seu abrigo. O novo pantalán situarase na zona da nave de redes e acollerá 13 embarcacións de artes menores e 4 de cerco. Para mellorar o acceso e manobra das embarcacións nesta nova instalación, o proxecto inclúe tamén unha dragaxe de máis de 400 metros cúbicos de rocha.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 9 meses e con esta actuación Portos de Galicia amplía a capacidade da dársena de Portosín, mellora as condicións das embarcacións de artes menores e cerco e reforza a seguridade do conxunto da frota amarrada nesta dársena a través dun novo dique de abrigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UN PROGRAMA TRANSVERSAL E PIONEIRO PARA FORMAR E PROMOVER A ACCIÓN CLIMÁTICA DE MÁIS DE 10.000 GALEGOS DE ATA 35 ANOS

- O Consello foi informado hoxe da iniciativa Mocidade polo clima, unha das principais novidades incluídas no Plan rexional integrado 2024-2030, que dirixirá as accións do Goberno autonómico para avanzar cara ao obxectivo da neutralidade climática
- Con tres eixos de actuación diferenciados —formación, divulgación e acción— a idea é poñer en marcha unha estratexia integral que abranga plans e programas de éxito asentados xa en Galicia, como as MeteoEscolas, e medidas novas e incentivadoras
- Como accións destacadas convocarase un concurso para premiar proxectos e ideas talentosos, celebrarase un evento anual de charlas inspiradoras a cargo de persoas de referencia no eido do clima, habilitarase un espazo informativo itinerante e crearase un programa educativo con retos prácticos para alumnado de 12 a 25 anos
- Cun orzamento para o próximo ano de 200.000 €, o obxectivo é deseñar liñas de acción adaptadas aos intereses e capacidades de nenos, adolescentes e mozos, pezas clave para consolidar Galicia como unha rexión baixa en emisións e resiliente

A Xunta porá en marcha nas vindeiras semanas o programa Mocidade polo clima, unha iniciativa de carácter transversal e pioneira na comunidade coa que aspira a formar, informar e animar a actuar fronte ao cambio climático máis de 10.000 mozos e mozas galegos con idades comprendidas entre os 3 e os 35 anos.

O Consello tomou razón hoxe dun informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre este novo programa, unha das principais novidades incluídas no II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2024-2030, que dirixirá as liñas de acción do Goberno galego a medio prazo para avanzar cara ao obxectivo de acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040 e, en todo caso, antes de 2050.

Na práctica, Mocidade polo clima desenvolverase como unha estratexia integral dividida en tres eixos de actuación diferentes pero complementarios: formación desde a etapa de educación infantil ata a universidade, información e divulgación canalizada a través de visitas e eventos con relatores de referencia na materia, e acción pola vía do fomento da participación activa e o compromiso entre a mocidade.

No eixo formativo, durante o curso 2024/25 apostarase por tres programas adaptados a diferentes franxas de idade e enmarcados no Plan Proxecta para o fomento da innovación educativa nos centros escolares galegos.

Así, potenciarase e actualizarase o programa MeteoEscolas, posto en marcha no ano 2007 e un dos de maior éxito entre a comunidade escolar galega, como demostran os 40 centros que participan nel cada ano. Para darlle un pulo aínda maior, na actual edición, que arrancará na segunda quincena de novembro, prevese contar con novos materiais didácticos cunha metodoloxía baseada en diferentes retos, que irán variando anualmente, ao tempo que se convocará un evento ao final do curso para que todos os colexios participantes expoñan e compartan os proxectos desenvolvidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segundo programa —novo neste caso— irá dirixido ao alumnado de Educación Infantil e será o primeiro no ámbito público e privado con este tipo de contido e dinámica. Baixo o nome de MiniMeteoEscolas, as competencias traballaranse con contos interactivos creados *ad hoc* e xogos relacionados con temáticas como industria e enerxía, sector agrogandeiro e forestal, medio mariño, biodiversidade, transporte e territorio.

Por último, a formación polo clima entre os mozos e mozas de 12 a 25 anos (alumnado de secundaria, formación profesional e universidades) canalizarase a través do novo programa Retos climáticos, que proporá varios retos a nivel local relacionados con algún dos sectores de acción definidos na EGCCE para que os participantes, coa axuda e apoio dun mentor, propoñan unha solución innovadora desde unha perspectiva práctica e real.

Experiencias para inspirar a mocidade

En canto ao eixo da divulgación, as principais novidades serán a creación dun programa pioneiro de charlas inspiradoras que percorrerá Galicia cun espazo específico que se instalará en festivais, institutos e espazos universitarios.

Ademais, estas clases maxistras complementaranse cun grande evento anual de Inspiradores polo clima, que reunirá anualmente persoas coñecidas e de referencia a nivel nacional e internacional para daren o seu testemuño sobre as accións ou investigacións protagonizadas neste eido.

Tamén se promoverá un novo programa de visitas a empresas adheridas á Alianza galega polo clima —iniciativa promovida pola Xunta no ano 2022 co fin de fomentar a colaboración público-privada para facer fronte ao quecemento global e os seus efectos— que destaquen polo seu compromiso coa neutralidade climática, e impulsarase o programa de visitas á Rede de observación ambiental, que permite xa hoxe en día coñecer instalacións de referencia en materia climatolóxica como MeteoGalicia, o Laboratorio de Medio Ambiente ou algunha das estacións de calidade do aire.

Por último, baixo o paraugas de Mocidade polo clima desenvolveranse unha serie de iniciativas innovadoras e relevantes dirixidas á poboación galega de ata 35 anos e coas que se buscará fomentar o seu talento, capacidade de innovación e solidariedade.

Concretamente, convocarase en 2025 a primeira edición dos premios Mocidade polo clima para recompensar o talento xuvenil dándolle visibilidade a iniciativas, proxectos e ideas relacionadas con algún dos sectores de actividade definidos na EGCCE e que teñen algún tipo de impacto climático en Galicia. Habrá premios en recoñecemento a mozos e mozas que destaquen no eido da investigación, cultural e artístico, social e empresarial.

Neste sentido, de cara ao vindeiro ano proporase tamén unha axenda anual con diferentes tipos de actividades de tempo libre, ocio e lecer que xiren arredor do cambio climático e dos seus efectos (accións de voluntariado polo clima, entre outras) co fin de que a poboación moza se implique e contribúa activamente á conservación do medio e explore a súa capacidade de innovación, compromiso e solidariedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que esta actuación se enmarca na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE), aprobada a finais do ano 2019 como instrumento planificador fronte ao cambio climático e coa que a Comunidade logrou converterse nunha rexión pioneira neste eido. Na estratexia, precisamente, faise fincapé na necesidade de avanzar na chamada dimensión social porque sobre este piar recae a capacidade dun pobo para afrontar e adaptarse aos retos do quecemento global.

Cun orzamento para 2025 de 200.000 euros, o programa Mocidade polo clima nace co obxectivo de deseñar liñas de acción adaptadas aos intereses e capacidades particulares de nenos, adolescentes e mozos, partindo da base de que as novas xeracións e a súa capacidade innovadora son claves para consolidar Galicia como unha rexión de vangarda, baixa en emisións e resiliente.

Con este fin, todas as medidas programadas teñen como fío condutor fomentar a concienciación social, a divulgación, a formación e a captación de talento entre as persoas máis novas, aprendendo a través da experiencia e da implicación social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 8,5 M€ EN DISTINTAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NA RÍA DE MUROS E NOIA

- O Executivo galego traballa na mellora da estación depuradora de augas residuais de Noia, no saneamento da parroquia de Queiruga, en Porto do Son, na construción da rede de saneamento e da EDAR para varios lugares do concello de Lousame e na mellora dos sistema de abastecemento tamén en Noia
- Os traballos buscan mellorar o tratamento das augas residuais e o estado medioambiental da zona, o que contribuirá a impulsar o desenvolvemento de actividades económicas como a pesca, o marisqueo e o turismo na contorna
- Estas actuacións dan continuidade aos investimentos realizados pola Administración galega na zona para a mellora das redes de saneamento e depuración, que suman máis de 45 millóns de euros desde o ano 2009

A Xunta, a través de Augas de Galicia, está a investir máis de 8,5 millóns de euros en distintas actuacións para optimizar o funcionamento das redes de saneamento e depuración da contorna da ría de Muros e Noia así como para mellorar o abastecemento. Con elas búscase mellorar a xestión dos recursos hidráulicos e o estado medioambiental da zona, o que contribúe a impulsar o desenvolvemento de actividades como a pesca -o marisqueo en particular- ou o turismo.

O Consello analizou hoxe os traballos de maior calado que o Executivo galego está a executar nos concellos desta ría, entre os que se inclúen a mellora da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Noia, o saneamento da parroquia de Queiruga (Porto do Son) e a construción da rede de saneamento e a EDAR para os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa, no concello de Lousame. A maiores, a Xunta está a mellorar o sistema de abastecemento de auga en Noia.

Estas obras supoñen avanzar na colaboración cos concellos da zona para optimizar o saneamento da auga, que supuxo un investimento da Xunta de máis de 45 millóns de euros desde 2009, un compromiso que se manterá nos vindeiros exercicios.

As redes de tratamento das augas residuais nos concellos da contorna da ría de Muros e Noia (Porto do Son, Outes, Lousame, Muros e Noia) contan na actualidade cun total de 60 estacións depuradoras, a maior parte de pequena entidade -só cinco teñen capacidade para tratar augas residuais de máis de 2.000 habitantes equivalentes-, que dan servizo a un total de 52.500 habitantes equivalentes, tendo en conta a poboación estacional. En total trátase de redes de saneamento e depuración cunha lonxitude total de máis 311 quilómetros de tubaxes.

De feito, aínda que as competencias nesta materia son fundamentalmente locais, a Xunta ten axudado aos concellos na construción das grandes infraestruturas de saneamento e depuración existentes nas proximidades da ría de Muros e Noia. Concretamente nas depuradoras e os correspondentes colectores xerais de Porto do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Son, Muros, Esteiro (tamén en Muros) e Noia. No caso das de Porto do Son, Muros e Esteiro, están sendo explotadas na actualidade por Augas de Galicia.

Colaboración cos concellos

Coas actuacións en marcha na ría de Muros e Noia, Augas de Galicia avanza na colaboración cos concellos -que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración- para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos Gobernos locais manterase en 2025 cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros. Este investimento permitirá seguir optimizando o saneamento e o abastecemento mediante a mellora das infraestruturas, a formación e divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido dos recursos hidráulicos.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e abastecemento así como no apoio aos concellos, o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes para reducir os asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIU MÁIS DE 10 M€ NO PERÍODO 2023-24 EN MEDIDAS DE APOIO AO DEPORTE, A XUSTIZA, AS EMERXENCIAS E A MOBILIDADE NA CONTORNA DA BARBANZA

O Consello avaliou o informe das medidas desenvolvidas nestes ámbitos, con melloras nas infraestruturas e servizos, así como con colaboracións para equipamento e contratación de persoal

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe o informe das actuacións desenvolvidas no período 2023-2024 en medidas de apoio ao deporte, a xustiza, as emerxencias, a mobilidade e o eido local na contorna da Barbanza. Segundo o balance, destináronse máis de 10 millóns de euros a diferentes actuacións nos concellos de Boiro, Lousame, Mazaricos Muros, Noia, Outes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira.

No apoio ao deporte, o principal investimento destinouse a infraestruturas, con case 2,7 millóns de euros, entre as que destaca a ampliación do complexo deportivo da Fieiteira en Ribeira, con 2,3 millóns de euros, aos que se sumaron outras contías para obras menores e equipamento. Xunto a ela, colaborouse na mellora das instalacións do Club de piragüismo Rías Baixas e do Club de Remo Cabo de Cruz, en Boiro, así como na dos vestiarios do campo de fútbol municipal de Lousame, do pavillón Agustín Mourís en Noia e da pista de pádel do Real Club Náutico de Portosín. Tamén recibiron axudas para a adquisición de material deportivo o concello de Lousame, Muros e Noia.

Ademais, as axudas a entidades deportivas, tanto de alto nivel como de base, e a deportistas superaron os 620.000 euros na área. Neste investimento inclúese o patrocinio de actividades como o Rompetiño ou o Rally Ribeira Ría de Arousa, así como becas a deportistas.

No eido da xustiza, destaca a mellora da eficiencia enerxética dos xulgados de Noia, cun investimento de 243.400 euros. Así, substituíronse as carpinterías, a cuberta e a iluminación, ademais de repararse portas. Así mesmo no período 2023-24 destináronse máis de 54.000 euros na renovación do mobiliario dos xulgados de Ribeira. A estas contías súmanse outras achegas para o funcionamento ou persoal nos xulgados de paz de Noia, Lousame, Muros e Ribeira.

Apoio ás emerxencias

Segundo o informe avaliado, a Xunta destinou máis de 374.000 euros ás emerxencias nos concellos de Boiro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira. A cifra abrangue o apoio ao funcionamento do Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) con base en Noia, con máis de 300.000 euros, axudas para o funcionamento das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil dos municipios da contorna, con máis de 32.000 euros, e equipamento concedido cun orzamento de 37.600 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire á mobilidade, a oferta na Barbanza materialízase a través de sete concesións integradas no Plan de Transporte Público de Galicia. Ata setembro deste ano, as cifras acadan 135 liñas, máis de 156.000 servizos e máis de 4,2 millóns de quilómetros anuais. Deste xeito, o Goberno galego inviste 1,7 millóns de euros ao ano para garantir o transporte público xeral na zona. A maiores, a Xunta mantén bonificacións directas ao usuario que inclúen a Tarxeta Xente Nova, que en 2023 e ata setembro deste ano supuxo máis de 400.000 euros en bonificacións, a Tarifa +65, con 67.500 euros bonificados neste primeiro ano de funcionamento, e os descontos do 50% ás persoas usuarias con tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia, con máis dun millón de euros bonificados en 2023 e os primeiros nove meses de 2024.

Cómpre sinalar tamén que a Xunta asume o transporte escolar de alumnado en idade de escolarización obrigatoria de 41 centros escolares da zona, con 200 liñas entre as integradas e as escolares de uso especial. Estas liñas transportan diariamente máis de 4.000 alumnos e alumnas.

Eido local

En canto ao apoio ao eido local, con axudas específicas para concellos, o investimento ascendeu só neste ano a máis de 1,1 millóns de euros para o financiamento de 30 proxectos nos concellos de Boiro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira. Trátase de iniciativas impulsadas a través da orde infraestruturas de uso público, do Fondo de Compensación Ambiental, do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local, da orde de axudas para obras de eficiencia enerxética, e das axudas á contratación de policía local e á contratación de socorristas.

Así, en Boiro colaborouse no mantemento de áreas verdes, na mellora da eficiencia enerxética no centro social de Cures e na contratación de socorristas con achegas que superaron os 121.000 euros. En Lousame, investíronse preto de 70.000 euros na mellora dun viario, da rede de saneamento e de abastecemento, e na contratación dun socorrista. No caso de Muros, as achegas de apoio ao eido local sumaron 74.500 euros para mellora de alumado e para a contratación de socorristas, mentres no de Noia ascendeu a máis de 109.000 euros para mellora de infraestruturas e de iluminación, así como para renting dun vehículo para servizos municipais.

Pola súa banda, A Pobra do Caramiñal recibiu máis de 118.000 euros para cubrir custos de persoal adscrito a diversos servizos municipais, mellora de abastecemento, de saneamento e da Casa do Concello. En Porto do Son as achegas superaron os 200.000 euros para melloras no abastecemento, contratación de socorristas e obras de eficiencia enerxética. Ribeira sumou máis de 68.000 euros para actuacións na liña de abastecemento e de saneamento, así como na contratación de socorristas. A maiores, nesta localidade cómpre sinalar tamén a construción do novo auditorio, a través dun convenio entre o Concello e a Xunta, no que a Administración autonómica achegou 200.000 euros.

No que se refire a Outes, os 186.000 investidos destináronse a obras de mellora enerxética do centro social de Outes, a cubrición dun parque infantil, diversas actuacións de mellora da contorna e contratación de socorristas. Finalmente, Mazaricos recibiu preto de 200.000 euros para accións ambientais e viarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA O PLAN INTEGRAL PARA A RENOVACIÓN E IMPULSO DOS CIM DE GALICIA E EN 2025 O INVESTIMENTO NESTES CENTROS SUPERARÁ OS 6,5M€

- Trátase da maior achega económica na historia para este recurso e suporá incrementar nun 30,6% o apoio anual da Xunta
- Este plan permitirá impulsar a actividade dos CIM, optimizalos e adaptalos á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento
- O plan contará con dúas fases: unha primeira dedicada ao estudo diagnose, para coñecer de forma pormenorizada a situación destes centros a través do seu persoal e dos concellos, e unha segunda de elaboración do documento
- Grazas a este investimento, reforzase a rede de 84 centros recoñecidos e acreditados pola Xunta, que dan cobertura a preto de 200 concellos e proporcionan unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano

A Xunta de Galicia impulsará o vindeiro ano o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información á muller (CIM) de Galicia, que permitirá actualizar e mellorar a rede actual. Con este obxectivo, o Goberno galego incrementará xa en 2025, nun 30,6%, o apoio que ofrece a estes centros, ata superar os 6,5 millóns de euros. O Consello deu conta hoxe do que será o maior investimento na historia desta rede de 84 centros, que dá cobertura a preto de 200 concellos e proporciona unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano.

Este plan integral de actuación, que se enmarca no reforzo das políticas da Xunta en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, ten como obxectivo impulsar a actividade dos CIM, optimizando este recurso e adaptándoo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

Esta iniciativa xirará en torno a dous eixos principais. O primeiro deles, coñecer a realidade da rede de centros de cara ao deseño de actuacións para a súa renovación e impulso. E a partir dos resultados da diagnose realizada, definir as novas medidas e liñas estratéxicas que haberá que implementar para a renovación e o impulso dos CIM de Galicia.

Este plan estará dividido en dúas fases de actuación. En primeiro lugar, realizarase unha fase de estudo e diagnose, que terá como obxectivo xeral coñecer a realidade da rede de cara ao deseño de medidas, adaptando este recurso á evolución da demanda e ás necesidades reais da poboación usuaria. Ademais, esta diagnose permitirá coñecer as necesidades dos concellos en materia de atención a mulleres e ás persoas LGTBI, tanto dos municipios que contan con CIM coma dos que non, así como as necesidades do persoal dos centros.

A partir dos resultados do estudo e diagnose, activarase a segunda fase, que implicará a elaboración do plan integral de actuación. Os obxectivos xerais e específicos do plan determinaranse, en boa parte, a partir dos resultados da diagnose realizada, que conterá información detallada sobre a realidade actual dos CIM, o seu funcionamento e as necesidades e demandas do persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis investimento en 2025

En paralelo á elaboración deste plan, a Xunta de Galicia aumentará en 2025 os recursos económicos destinados aos CIM. En primeiro lugar, incrementarase o apoio do Goberno galego aos concellos para financiar o persoal dos CIM, unha partida que sobe un 13,6% e suporá achegar 600.000 euros máis que en 2024. Este investimento permitirá continuar apoiando os concellos a asumir os 217 postos de traballo con que contan estes centros.

En segundo lugar, reforzarase o programa destinado aos concellos en materia de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, que se incrementará nun 30%, ata acadar aos 650.000 euros. E, en terceiro lugar, lanzarase unha convocatoria para axudas na rehabilitación e melloras nas infraestruturas dos centros.

Unha rede de referencia e consolidada

Cómpre destacar que estes centros de información á muller, de titularidade municipal, regulados por un decreto autonómico e cofinanciados pola Xunta, conforman unha rede de referencia xa consolidada na nosa comunidade. Esta rede realiza funcións esenciais, entre as que se atopan proporcionar asesoramento xurídico e psicolóxico, ofrecer información sobre os recursos dispoñibles para as mulleres e a organización de actividades de sensibilización e formación.

Deste xeito, os CIM son un recurso que proporciona unha atención integral ás mulleres, e dun xeito prioritario ás vítimas de violencia de xénero e a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, así como ás persoas LGTBI. En definitiva, constitúen un claro exemplo da coordinación entre administracións na defensa dos dereitos das mulleres e na promoción da igualdade de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 8 M€ PARA PROMOVER A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE AUTÓNOMOS E PEMES GALEGAS COA POSTA EN MARCHA DE PRETO DE 200 NOVOS PROXECTOS

- O programa de axudas que impulsa o Igape busca favorecer a dixitalización ou conectividade dunha peme ou a posta en marcha de sistemas para o soporte de procesos sectoriais multiempresa
- As axudas acadaron os 3 M€, cubrindo o 35 % dos investimentos para os autónomos e as pequenas empresas, e o 25 % para as medianas, mentres que para os gastos de consultoría a intensidade de subvención foi do 50 %
- Como novidade, nesta convocatoria apoiouse a dixitalización dos procesos loxísticos e favoreceuse tamén a implantación de iniciativas que se leven a cabo nun concello emprendedor
- Desde a posta en marcha das axudas á dixitalización no ano 2018, apoiáronse máis de 1.300 solicitudes de autónomos e pemes, cun importe total de axudas de 27 M€, mobilizando investimentos por 65 M€

O Consello da Xunta vén de coñecer o resultado da última convocatoria do programa de apoio á dixitalización, que este ano mobiliza máis de 8 millóns de euros en investimentos de pemes e autónomos galegos no impulso da transformación industrial e o reforzo da aposta dixital. Deste xeito, a liña potencia o compromiso do Goberno autonómico neste eido, na procura de mellorar a competitividade do tecido produtivo e de promover unha transformación dixital cada vez máis necesaria no actual contexto económico.

Así, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, apoia a posta en marcha de 180 novos proxectos que inclúan sistemas cuxa finalidade sexa o soporte de procesos sectoriais multiempresa, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación, procesos dun líder industrial cara ás empresas que conforman a súa cadea de valor ou proxectos individuais cara á dixitalización ou conectividade da peme.

Nesta convocatoria de 2024 destináronse 3 millóns de euros en axudas que cobren o 35 % dos investimentos nos proxectos de autónomos e pequenas empresas, e o 25 % no caso das medianas, mentres que para os gastos de consultoría a intensidade da subvención foi do 50 %.

A liña prevé a promoción de dous tipos de proxectos. Dun lado, os colectivos, nos cales un grupo de empresas aborda, de forma conxunta, a implantación de sistemas dixitais, xa sexa nas súas interaccións ou nos procesos de xestión. Doutro, iniciativas individuais en que unha peme ou un autónomo promove interfaces dixitais, sistemas de intelixencia artificial, sistemas para a dixitalización, ou sistemas de mellora da función loxística da empresa, no que se configura como unha das principais novidades desta convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto coa dixitalización dos procesos loxísticos, outra das novidades nesta convocatoria foi o especial apoio á implantación de iniciativas e proxectos que se leven a cabo nun concello emprendedor.

Desde a súa posta en marcha en 2018, as axudas á dixitalización levan mobilizados máis de 65 millóns de euros en investimentos, chegando a máis de 1.300 autónomos e pemes, cun importe total de axudas de 27 millóns de euros. Unha liña á que cabe engadirlle os obradoiros de dixitalización, organizados coa colaboración de asociacións, clústeres ou centros tecnolóxicos, que suman en conxunto máis de 1.250 asistentes e preto de 2,8 millóns de euros en apoios.

Deste xeito, o Goberno galego mantén a súa aposta pola transformación dixital do tecido empresarial da Comunidade como un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica, de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DA VÍA DE ALTAS PRESTACIÓNS QUE COMUNICA BRIÓN E NOIA, CUN ORZAMENTO DE 29 M€

- Sinala que se trata da 1ª fase do desdoblamento, do treito de 9,66 km de lonxitude desde o remate da autovía Santiago-Brión ata o inicio do tramo Martelo-Noia
- Apunta que se actuará así no 60% da vía de altas prestacións VG-1.5, que ten unha lonxitude de 18,2 km
- Proponse para cada calzada dous carrís de 3,5 metros, dando continuidade ás características da vía no tramo Santiago-Brión, e realizaranse modificacións na conexión coa autovía Santiago-Noia para adaptar o trazado existente á nova autovía
- Nas obras de construción desta vía xa se executaron a maior parte das obras de paso, contemplando a plataforma final con sección de autovía, e incluíndose neste proxecto as estruturas dun paso Inferior no punto 11+945 e do viaduto de Naveira
- O proxecto someterase nas vindeiras semanas a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar e executar as obras ao longo do ano 2025

O Goberno galego aprobou hoxe someter a información pública o proxecto de trazado da 1ª fase de conversión en autovía da vía de altas prestacións Brión-Noia (CG-1.5), que suporá, segundo sinalou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, un orzamento que rolda "os 29 millóns de euros".

No Consello da Xunta tamén se deu conta da aprobación provisional deste proxecto do desdoblamento da CG-1.5, previa aos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas. O proxecto construtivo dispón xa do informe favorable da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

O trazado que se proxecta terá unha lonxitude de 9,66 km; iniciárase no final da autovía AG-56, Santiago-Brión, e finalizará no tramo Martelo-Noia. Esta primeira fase de conversión en autovía supón "o 60% do trazado da vía de altas prestacións", que ten unha lonxitude de 18,2 km e "pola que circulan cada día uns 10.000 vehículos".

O proxecto aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico someterase nas vindeiras semanas ao trámite de información pública durante o prazo de 30 días.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no segundo trimestre de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo de 2025. O prazo de execución das obras é de 18 meses, aínda que se concretará nos dous proxectos construtivos que derivarán deste proxecto de trazado.

As actuacións proxectadas

O obxectivo desta actuación é converter en autovía o treito comprendido entre os quilómetros 11+640 e o 21+300, realizando o desdoblamento para a autovía cara ao lado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

esquerdo da vía de altas prestacións CG-1.5, polo que se manterá a estrutura actual ao situarse no lado contrario do carril lento. Isto favorecerá que se poida manter a funcionalidade durante o transcurso das obras.

Aquí, é importante lembrar que durante a realización das obras desta vía en calzada única xa se tivo en conta a futura conversión en autovía, cun trazado axeitado. Para iso na execución da vía de altas prestacións Brión-Noia realizáronse os movementos de terras principais da obra e os pasos superiores e inferiores, que non é necesario ampliar salvo no caso do paso inferior situado no quilómetro 11+990.

En concreto, a estrada proxectada no desdoblamento será para cada calzada de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 2,5 metros exterior e 1 metro interior, e disporá de mediana de 3 metros entre os bordos de beiravía das plataformas contiguas, dando continuidade ás características da autovía no tramo Santiago-Brión.

No marco das obras que se acometerán realizaranse algunhas modificacións na conexión coa autovía Santiago-Noia (AG-56), co obxecto de adaptar o trazado existente á nova autovía.

Unha das modificacións consistirá na reconstrución dos noiros do desmonte existente na marxe esquerda en dirección Noia, para obter o largo necesario para a nova sección. Outra intervención será a ampliación dun paso inferior para adaptalo ao novo largo da autovía.

Actualmente, o treito obxecto deste proxecto de trazado da vía de altas prestacións Brión-Noia conta con dous enlaces a distinto nivel, Urdilde e Martelo, e cun ramal de incorporación a nivel en Gundín, sentido Santiago. Os dous enlaces conservaranse, sendo obxecto do desdoblamento a execución definitiva dos ramais da calzada para desdobrar, pero o ramal de Gundín desaparecerá coa ampliación da calzada pola imposibilidade física de conservalo co desdoblamento da vía.

Así, os enlaces deste novo treito de autovía estarán en Urdilde, no punto quilométrico 15+400, a 3,4 quilómetros do anterior enlace en Brión; e en Martelo, no punto quilométrico 18+930, a 3,53 quilómetros do anterior enlace.

En canto ás estruturas, nas obras de construción da vía CG-1.5 executouse xa a maior parte das obras de paso, prevendo a plataforma final con sección de autovía, salvo no paso inferior no quilómetro 11+945 e no viaduto de Naveira.

A intervención proxectada para o paso inferior no quilómetro 11+945 prevé a prolongación da sección existente, minimizando o grosor da lousa da estrutura, para mellorar a disposición no camiño de servizo para que a solución final da vía secundaria sexa máis axeitada.

No caso do viaduto de Naveira, propónse unha ponte xemelga á existente, coa peculiaridade de que os pilotes de 1 metros de diámetro dos estribos xa están executados. O viaduto terá 7 vans de 40 metros de luz entre eixos de pilas. Estas serán fustes octogonais ocos. O taboleiro terá unha largura de 11,50 metros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano xeral do proxecto de trazado aprobado provisionalmente hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A DETECCIÓN DE TRES NOVAS ENFERMIDADES NO CRIBADO NEONATAL GALEGO, QUE SE MANTÉN COMO O MÁIS AMPLO DE ESPAÑA

- Rueda salienta que Galicia permite detectar 37 patoloxías conxénicas, “o que multiplica por tres” as 11 doenzas obrigatorias “que marca o Ministerio de Sanidade”
- Desde mañá incorpóranse a estas probas a enfermidade de Pompe, a adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X e a mucopolisacaridiose tipo I
- O Goberno galego aposta pola detección temperá, antes de que os síntomas sexan evidentes, para evitar complicacións de saúde severas ou mesmo o falecemento
- O presidente destaca que desde o ano 2000 “foron diagnosticados 679 casos” en case medio millón de bebés participantes no programa de cribado neonatal galego
- A práctica totalidade dos nenos e nenas nados en Galicia, o 99,9% participa neste cribado neonatal

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia incorporará a partir de mañá “tres novas enfermidades ao cribado neonatal que permitirá detectar ata 37 doenzas conxénicas” e se mantén coma o máis completo de España. “Supón multiplicar por tres as patoloxías obrigatorias que marca o Ministerio de Sanidade que son 11”, indicou.

Así se recolle no informe sobre a ampliación do programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas que foi presentado hoxe no Consello da Xunta. Esta aposta do Goberno galego pola detección temperá permite intervencións máis efectivas e evita complicacións severas no desenvolvemento dos neonatos.

Desta forma, incorpóranse a adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (X-ALD), a mucopolisacaridiose tipo I (MPS I) e a enfermidade de almacenamento de glicóxeno tipo II (Pompe) para poder diagnosticalas e comezar os tratamentos antes de que os síntomas sexan clinicamente evidentes

En particular, a adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (X-ALD), cunha prevalencia de 1 caso por cada 17.000 nacementos, pode provocar déficits neuropsiquiátricos e insuficiencia suprarrenal.

A mucopolisacaridiose tipo I (MPS I), cuxa prevalencia se estima en 1 caso por cada 50.000 nacementos, pode provocar discapacidade intelectual grave e, sen tratamento, os pacientes falecen antes da primeira década de vida.

No caso da enfermidade de Pompe, a súa prevalencia non é ben coñecida debido á alta mortalidade que produce en período neonatal pero situaríase entre 1 caso entre 33.333 a 138.000 persoas. Esta enfermidade provoca deterioración muscular e, no tipo infantil, os pacientes falecen no primeiro ano de vida. Con todo, ten tratamento eficaz con terapia de substitución enzimática que mellora a función cardíaca e prolonga a supervivencia.

Case 700 casos diagnosticados desde o ano 2000

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou Rueda, a práctica totalidade dos nenos e nenas nados en Galicia participan no programa de cribado neonatal galego, tanto nados nos hospitais públicos como privados ou na casa. A taxa de participación é do 99,9%.

Desde o ano 2000 e ata 2023, foron cribados “máis de 463.000” neonatos “e diagnosticáronse 679 casos que de non ser terse detectado poderían ter consecuencias graves”. O pasado ano detectáronse dous casos de atrofia muscular espinal (AME) e un de inmunodeficiencia combinada grave, dúas patoloxías incorporadas ao cribado neonatal da sanidade pública galega de forma pioneira. Grazas a esta detección temperá, os bebés puideron comezar os seus tratamentos para mellorar o pronóstico.

Ademais, foron diagnosticados neste tempo 216 casos de hipotiroidismo conxénito, 59 fibroses císticas e 361 diferentes enfermidades metabólicas.

Investimento en prevención

A Xunta, coa incorporación das novas patoloxías desde mañá, acada as 37 enfermidades que se criban no programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas.

Así, Galicia segue a ser a comunidade autónoma de España que ofrece o cribado máis amplo, moi por riba das 11 patoloxías que actualmente marca como mínimo o Ministerio de Sanidade.

Ademais da detección de 37 patoloxías conxénitas primarias, tamén se identifican de forma secundaria 14 enfermidades máis; polo tanto, chégase a detectar 51.

A posta en marcha do cribado destas tres novas enfermidades supón un investimento de arredor de 250.000 euros en equipamento e dun incremento aproximado de 250.000 euros no gasto corrente da Consellería de Sanidade para o financiamento do laboratorio de metabolopatías de Galicia, que está no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Na mesma liña, o Goberno galego mantén outros programas de detección precoz como o de hipoacusia infantil, ademais dos cribados de cancro de mama, colorrectal e cervix e os proxectos pilotos de detección precoz de cancro de pulmón e de próstata.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A COMARCA DE NOIA DISPORÁ ESTE ANO DUN PLAN LOCAL DE SAÚDE, QUE ADAPTARÁ A ATENCIÓN PRIMARIA ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DA POBOACIÓN

- O Plan local de saúde beneficiará os veciños de Noia, Lousame, Outes e Porto do Son
- Antes de que remate o ano, outros 24 novos servizos contarán con esta ferramenta, que chegarán ao 65% dos servizos de atención primaria de Galicia, un total de 95 que atenden 1,7 millóns de galegos
- Agárdase que no ano 2026 estes plans estean completamente implantados en todos os servizos de atención primaria
- Este instrumento facilita o traballo dos profesionais e mellora a saúde da cidadanía
- A través dos plans locais de saúde os profesionais sanitarios adaptan o modelo de atención primaria aos requirimentos específicos do seu territorio
- Esta iniciativa enmárcase na aposta da Xunta por potenciar a atención primaria como eixe vertebrador da asistencia sanitaria, situando no centro ao paciente
- Os servizos que contan cun plan local de saúde acadan unha valoración de 4,05 sobre 5 por parte dos pacientes

A comarca de Noia disporá este ano dun plan local de saúde que adaptará o modelo de atención primaria ás necesidades específicas da poboación dos municipios de Noia, Lousame, Outes e Porto do Son.

Antes de que remate 2024, outros 24 novos servizos contarán con esta ferramenta, que chegará ao 65% dos servizos de atención primaria de Galicia, un total de 95 que atenden 1,7 millóns de galegos.

Así se recolle nun informe da Consellería de Sanidade relativo ao estado de desenvolvemento destes plans, que se abordou na reunión semanal do Executivo galego.

Antes de que remate o ano contarase con 24 novos servizos de atención primaria que teñen elaborado o seu Plan local de saúde, sumando un total de 95. Estes plans terán unha vixencia de catro anos.

Ademais do servizo de atención primaria de Noia, os servizos que contarán con novos plans de saúde locais antes de finalizar 2024 son os de Cambre, Culleredo, A Laracha, Oleiros, Vite (Santiago de Compostela), Boiro, Bertamirás (Ames), Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei, San Roque (Lugo), A Carballeira (Ourense), Trives, Coles, Poio, Terra de Montes, Sanxenxo, Vilaboa-Arcade, Ponte Caldelas-A Lama, Matamá (Vigo), López Mora (Vigo), Coruxo (Vigo) e Moaña.

Agárdase que no ano 2026 estes plans estean completamente implantados en todos os servizos de atención primaria.

Ben valorados por parte dos usuarios

Os últimos resultados da enquisa realizada pola Consellería de Sanidade en xuño deste ano para avaliar a eficacia destes plans reflicten unha valoración de 4,05 sobre 5 por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parte dos pacientes dos servizos que contan cun plan local de saúde. Así mesmo, Sanidade avalía a eficacia destes plans a través dos correspondentes indicadores de resultados en saúde e das enquisas realizadas aos profesionais.

Coa posta en marcha destes plans, que supoñen un avance fundamental para mellorar a xestión e a eficacia dos centros de saúde, a Xunta deixa patente a súa vontade de poñer a atención primaria como eixe vertebrador da asistencia sanitaria e a cidadanía como protagonista principal sobre a que deben xirar as políticas sanitarias.

Con esta ferramenta de xestión a Xunta busca incidir na prevención da enfermidade, acadar a curación ou paliar as doenzas e os problemas de saúde da poboación, sempre tendo en conta as súas necesidades e a contorna onde desenvolve o seu proxecto vital.

Accións definidas polos profesionais

Dispoñer dun plan local de saúde facilita o traballo dos profesionais dos centros de atención primaria, impulsa a intervención sobre os determinantes en saúde e, polo tanto, mellora a saúde da cidadanía, ademais de facilitar as ferramentas necesarias para a participación comunitaria.

Cada plan de saúde inclúe un conxunto de accións definidas por parte dos responsables dos servizos de atención primaria e as xerencias das áreas sanitarias correspondentes adquiren un compromiso de colaboración e soporte, co que estes plans son a mellor radiografía da saúde da veciñanza de cada unha das localidades en que se levan a cabo.

En consecuencia, o plan local de saúde supón un elemento de planificación na proximidade dos usuarios co propósito de mellorar a saúde dunha colectividade nunha contorna determinada.

Os plans susténtanse en cinco puntos: o fomento da actividade proactiva e integral; a inclusión de novas tecnoloxías para mellorar a relación entre a cidadanía e os servizos sanitarios; o aumento e potenciación da autonomía dos servizos de atención primaria; o fortalecemento da atención domiciliar e, ademais, a orientación comunitaria que posibilita promover a actividade sanitaria fóra das instalacións dos centros de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AVANZA EN AFINAR AS LISTAS DE DEMANDANTES DE EMPREGO EXCLUÍNDO AS PERSOAS QUE REXEITEN O COMPROMISO DE BUSCAR TRABALLO DE XEITO ACTIVO

- O obxectivo é que “só figuren” as persoas que realmente están interesadas en atopar un emprego e derivar a outros servizos aos que, por exemplo, buscan formación
- Para iso, a partir deste mes, todos os anotados nas listas deberán asinar un acordo no que se comprometen a busca activa de emprego
- O conselleiro de Emprego salienta que se trata dunha “medida pioneira” en España
- No caso dos que non reciben prestación, se non asinan o acordo serán excluídos das listas de demandantes, coa consecuente perda temporal do dereito á realización de itinerarios personalizados de emprego ou á prioridade de selección para traballos
- Canto aos perceptores que non asinen o acordo -ata agora, un compromiso implícito-, retiraranse das listas e perderán dereito á prestación -tal e como sucedía cos que non renovaban a demanda- mentres non o acepten e se anoten como demandantes activos
- Os demandantes que cumpran co seu compromiso de buscar traballo serán incentivados a través dun novo mecanismo de antigüidade, que os favorecerá nas listas á hora de recibir ofertas de emprego por parte das empresas
- Rueda resalta que o programa de seguimento intensivo xa atendeu máis de 47.500 persoas, favorecendo a inserción no mercado laboral de máis de 7.000 e motivando que preto de 10.400 persoas deixasen de ser demandantes de emprego de xeito voluntario

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe a poñer en marcha unha serie de medidas para “afinar as listas de demandantes de emprego, de xeito que só figuren as persoas que realmente estean interesadas en atopar un traballo”.

O obxectivo é centrarse neste colectivo e derivar a outros servizos aos cidadáns que malia estar nas listas do paro en realidade querían acceder a outro tipo de recursos coma as actividades formativas.

“Queremos mellorar o funcionamento das oficinas de emprego e contribuír á súa principal función: mellorar a inserción laboral das persoas que están en paro”, indicou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José Gonzalez, quen resaltou que estas novas medidas se enmarcan no reforzo do programa de seguimento intensivo da demanda de emprego que artellará nos vindeiros días, a través dunha actualización do procedemento, o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para afinar as listas de demandantes de emprego, a partir “deste mes”, segundo indicou Rueda, vaise introducir de xeito pioneiro –“somos a única comunidade que está avanzar” neste eido, engadiu o conselleiro- o acordo de actividade explícito recollido pola normativa estatal para inscribirse ou permanecer como demandante de emprego -xa se teña dereito a prestación ou non-, co fin de diferenciar as persoas que realmente queren traballar das que só buscan servizos de formación ou o cobramento de prestación.

Tal e como explicou Rueda, o feito de non asinar ou incumprir este novo acordo de busca activa de emprego implicará que a persoa será “retirada de forma inmediata das listas de demandantes” dun traballo.

O conselleiro resaltou que no caso dos non perceptores de subsidio pola súa situación de desemprego, se non asinan este novo acordo de actividade, entenderase que non están buscando activamente traballo e, tamén como novidade, serán excluídos das listaxes de demandantes, o que suporá na práctica perder acceso dun xeito temporal -ata que asinen o acordo- á mediación, titorización ou priorización nos procesos de intermediación do SPEG coas empresas.

Canto aos perceptores que non queiran asinar este novo acordo -ata agora, un compromiso implícito- tamén se procederá á súa retirada das listaxes; neste caso perderán, ademais, o dereito á prestación durante os días que tarden en subscribir o acordo e en volver estar anotados no SPEG como demandantes activos -tal e como sucedía cos perceptores que non renovaban a súa demanda de emprego-.

Definir a categoría de demandante de emprego para reforzar a eficacia do SPEG

Esta medida ten como obxectivo afondar aínda máis na delimitación da categoría de demandante de emprego que impulsa o programa de seguimento intensivo, unha meta imprescindible para identificar e prestar os servizos requiridos polas persoas inscritas de acordo coas súas necesidades, mellorando polo tanto a eficiencia dos procesos de selección do SPEG.

Apoiándose no acordo de actividade polo que os demandantes teñen que comprometerse a buscar traballo dun xeito activo e que non se exixirá aos que só busquen servizos de formación ou outros recursos do SPEG, búscase encaixar as circunstancias actuais dos inscritos coas súas demandas rexistradas, adaptándoas ás súas necesidades reais. Así, poderánselles ofrecer os servizos públicos máis axeitados para favorecer a súa empregabilidade permitindo, por exemplo, gañar eficacia na identificación das dificultades que pode ter unha persoa á hora de incorporarse ao mercado laboral.

Nesta liña, cómpre salientar que os demandantes que cumpran co seu compromiso serán incentivados a través dun novo mecanismo de antigüidade, que os favorecerá nas listas á hora de recibir ofertas de emprego fronte a aqueles que asinen o acordo e logo o incumpran -estes poderían ser sancionados e despois regresarían con esa antigüidade a cero, igual que aqueles que decidan asinalo tras rexeitalo en primeira instancia-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Balance do programa de seguimento intensivo

O programa de seguimento intensivo da demanda está dirixido ás persoas que levan máis de cinco anos inscritas e non realizaron cursos nin citas de orientación nos últimos dous anos, ás que non confirmasen dispoñibilidade para tres ofertas de emprego nun ano, ás que non se presenten ás citas de orientación nin teñan itinerario laboral activo ou ás que rexeiten unha oferta de traballo ou os servizos de orientación e formación para o emprego.

Tal e como explicou Rueda, desde a súa posta en marcha en xuño de 2023, o programa de seguimento intensivo da demanda permitiu atender nas oficinas de emprego galegas “máis de 47.000 persoas”, favorecendo a inserción laboral de “máis de 7.000” e motivando que “preto de 10.400 persoas” deixasen de ser demandantes de emprego dun xeito voluntario.

Orzamentos 2025

A Xunta avanzará o ano vindeiro na modernización e dixitalización do SPEG, con preto de 1,6 millóns de euros dirixidos a este labor. Tamén se potenciará nas 54 oficinas de emprego de Galicia a ferramenta EMI, coa idea de beneficiar até setembro de 2025 máis de 70.000 persoas, ás que se lles realizará o perfilado competencial. Cun orzamento de 1 millón desenvolverase, ademais, unha aplicación móbil que permitirá os autoperfilados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANIMA OS NEGOCIOS A SOLICITAR O SEU PROXECTO DE RECLAMACIÓN DIXITAL, QUE SUMARÁ ESTE ANO UNS 200 ADHERIDOS COA PREVISIÓN DE ACADAR OS 5.000 EN 2025

- No informe avaliado polo Goberno galego, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración apunta que -tras a primeira proba nun establecemento de Santiago- as reclamacións por código QR están dispoñibles en 4 comercios máis (un por provincia)
- Os interesados en contar con este sistema innovador alternativo ás follas físicas de reclamación poderán solicitalo a igc.consumo@xunta.gal, sinalando o NIF/CIF, nome comercial, enderezo, correo electrónico e se están sometidos a arbitraje
- A previsión é sumar ao cento de supermercados previsto neste novembro outro centenar de negocios en decembro e chegar en 2025 aos servizos de electricidade e telefonía, por seren os que acumulan máis reclamacións
- A iniciativa dota de simplicidade, axilidade e eficacia o proceso de reclamación, garantindo a defensa das persoas consumidoras e usuarias e ofrecendo ás empresas unha ferramenta áxil de comunicación coa súa clientela

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre o avance na posta en marcha do seu proxecto piloto de reclamación dixital en materia de consumo, co obxectivo de axilizar este proceso e garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias. Tras a primeira proba nun establecemento compostelán, véñse de ampliar a iniciativa a catro comercios máis (un por provincia), coa previsión de roldar os 200 negocios adheridos ao remate deste ano, incluíndo comercios polo miúdo, supermercados e outro tipo de servizos.

Xa de cara ao 2025, perséguese incorporar ao sistema de reclamación mediante código QR a subministración de electricidade e telefonía -por seren as que máis reclamacións acumulan- co obxectivo de acadar no conxunto do próximo exercicio os 5.000 subscritos.

A nova ferramenta alternativa ás follas físicas de reclamación proporciona simplicidade, eficacia e garantías a este proceso en materia de consumo, ofrecendo ás empresas unha ferramenta áxil de comunicación coa súa clientela. Todos os interesados en adherirse ao proxecto piloto poderán solicitalo facilitando os datos do seu establecemento ou servizo ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia (igc.consumo@xunta.gal).

Como funciona o sistema

O sistema que prevé estar operativo nun cento de supermercados neste mes de novembro e noutro centenar de negocios no vindeiro decembro permite ás persoas consumidoras e usuarias presentar as súas reclamacións de maneira dixital a partir do escaneo dun código QR, código que as dirixirá a un formulario virtual en que cubrir os seus datos persoais e o motivo da súa reclamación, que será remitida de maneira electrónica á empresa.

De forma automática, estas persoas recibirán un correo electrónico de constancia en que se dará conta do día e da hora da presentación da súa reclamación ante o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

establecemento e en que se lles indicará que se abre un prazo dun mes para que a empresa lles remita contestación por calquera medio que permita a súa constancia.

Transcorrido o prazo dun mes sen obter resposta ou de ser esta insatisfactoria, a persoa consumidora poderá dirixirse directamente ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e presentar unha nova reclamación a través dunha ligazón que xa se inclúe no propio correo e que recolle os datos da súa primeira reclamación ante a empresa.

Este sistema de reclamación dixital prevé estar dispoñible en máis de 5.000 establecementos e servizos ao final do vindeiro 2025, incluíndo a subministración de electricidade e telefonía. Gáñase en simplificación e axilidade e evítase ter que solicitar expresamente a entrega da folla de reclamación, e pode facerse unha vez fóra do establecemento ou no domicilio do reclamante.

Todos os interesados en adherirse ao proxecto piloto poden solicitalo escribindo ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia (igc.consumo@xunta.gal). Deberán facilitar o seu NIF/CIF, nome comercial, enderezo completo do establecemento, correo electrónico e apuntar se están sometidos a arbitraje.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia

A posta en marcha do novo sistema de reclamación dixital enmárcase no labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que se caracteriza desde a súa constitución pola simplificación administrativa, pola gratuidade e pola eficacia na resolución dos conflitos en materia de consumo.

A cidadanía ten á súa disposición o Instituto a través das súas oficinas de atención presencial nas sete principais cidades galegas, vía web ou no teléfono gratuito 900 23 11 23, que funciona de 9.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas, de luns a venres, para ofrecer información e asesoramento en materia de consumo.

Cómpre engadir que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia se verá reforzado en 2025 cun orzamento de 7,4 millóns de euros para continuar garantindo a defensa dos intereses das persoas consumidoras e usuarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O APOIO DA XUNTA Á REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS DE NOIA BENEFICIA MÁIS DE 40 COMERCIANTES NESTE EDIFICIO RENOVADO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1M€

- O Goberno galego achegou a esta actuación preto de 500.000 euros e con ela impúlsanse os usos deste edificio como espazo dinamizador da vila e escaparate dos produtos galegos de proximidade
- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a renovación efectuada neste edificio emblemático, que data de 1956, e que consistiu na reordenación do espazo comercial, recuperando a presenza das fachadas do edificio e a iluminación natural
- Ademais, realizáronse outras melloras ou reparacións, entre elas, o incremento e reorganización dos aseos públicos e na accesibilidade en xeral, dotando o edificio dun ascensor que comunica ambas as plantas
- Con esta actuación búscase que este espazo acade o selo de calidade de Mercado excelente, un distintivo co que o Goberno galego trata de revitalizar as prazas de abastos, que terán un importante papel no Plan estratéxico do comercio local galego

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a rehabilitación e posta en valor da praza de abastos de Noia que beneficia máis de 40 comerciantes que traballan neste edificio renovado cun investimento de máis de 1M€ a través dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Noia. Desta cantidade, a Administración autonómica achegou preto de 500.000 euros e con esta actuación impúlsanse os usos deste edificio emblemático, que data do 1956, como espazo dinamizador da vila e escaparate dos produtos galegos de proximidade.

A actuación de renovación consistiu na reorganización do espazo comercial da primeira planta, que era a que rexistraba menor actividade, e deu lugar a unha superficie construída de máis de 2.100 metros cadrados, habilitando e optimizando os espazos dos que xa estaba provisto o mercado municipal.

Neste sentido, levouse a cabo unha nova distribución dos postos de venda arredor do baleiro central que vertebra o mercado, recuperando a presenza das fachadas do edificio e a iluminación natural. Así, acadouse un espazo máis diáfano, capaz de albergar diferentes actividades eventuais, o que contribúe a recuperar a actividade neste espazo estratéxico do mercado.

Ademais, o proxecto completouse con outras melloras ou reparacións como o incremento e reorganización dos aseos públicos e a accesibilidade en xeral, dotando o edificio dun ascensor que comunica ambas as plantas. Tamén se mellorou a provisión de luz natural e se incorporou servizo de consignas, entre outros. A maiores, fixéronse algunhas melloras en puntos da fachada, coa substitución e/ou eliminación de elementos deteriorados ou que alteraban a visión do edificio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, trátase dunha rehabilitación que combina a modernización coa preservación da configuración orixinal do edificio. Deste xeito, as obras responden ás necesidades e demandas dos usuarios do mercado.

Mercados excelentes

Con esta actuación búscase que este espazo acade o selo de calidade de Mercado excelente, un distintivo con que o Goberno galego trata de revitalizar estes espazos. De feito, enmárcase na aposta da Xunta por potenciar a rede de mercados con este selo que impulsa a visibilidade das prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos as novas tendencias do mercado.

Precisamente o Diario Oficial de Galicia -DOG- publica hoxe a resolución da convocatoria deste ano cos beneficiarios da orde para fomentar este selo de excelencia, con case 700.000 € para 28 municipios dos que só dous están provistos xa co distintivo, tanto para levar a cabo tanto accións necesarias de cara á obtención do selo como melloras nos mercados, co fin de afondar na revitalización destes espazos comerciais como vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego. Tamén resultaron beneficiarias 19 asociacións e federacións de prazas de abastos -dun importe próximo aos 200.000 euros- para a dinamización comercial e mantemento das súas webs de venda electrónica.

Os mercados de abastos terán un importante papel dentro do novo Plan estratéxico do comercio local galego, que se está a elaborar e se presentará no primeiro trimestre de 2025. Con esta folla de ruta búscase potenciar as prazas de abastos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos á contorna en que se integran, ao produto local e a valores como a sustentabilidade, a protección do ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONSIGNA 2,9 MILLÓNS DE EUROS PARA OBRAS NOS PORTOS DE NOIA E BARBANZA EN 2025

- Esta partida compromete actuacións por importe de 11,3 millóns de euros entre as que destacan a dragaxe do porto de Testal e a humanización do peirao de Noia
- Destínanse 1,1 millóns a actuacións singulares, 1,4 a substitución de luminarias por tecnoloxía LED e máis de 400.000 euros a renovación de firmes e pavimentos

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, consigna nos orzamentos para 2025 unha partida de 2,9 millóns de euros para obras de mellora dos portos da contorna de Noia e Barbanza. Esta partida compromete actuacións por 11,3 millóns ao longo das vindeiras anualidades. Así se recolle no informe presentado hoxe polo conselleiro do Mar, Alfonso Villares, ao Consello da Xunta.

En concreto, a previsión de Portos de Galicia recolle oito obras singulares, cunha anualidade global para 2025 de 1,1 millóns de euros. En concreto, trátase das obras de dragaxe no porto de Testal, cun orzamento de 175.000 euros; a urbanización da zona portuaria de Noia, cunha anualidade prevista de 121.000 euros, dos máis de 700.000 en previsión plurianual; a mellora da rampla de Esteiro (Muros), con 60.500 euros consignados para 2025 e 220.000 plurianuais; a reconstrución do peirao interior de Muros, cunha única anualidade de 327.000 euros para 2025; a mellora da operatividade no porto de Aguiño, cun orzamento total estimado de 3 millóns de euros, dos que se consignan 12.000 para traballos previos o vindeiro ano; a nova nave de redes de Porto do Son, cunha anualidade de 121.000 euros dos 882.000 previstos en total; os novos departamentos para usuarios de Porto do Son, con 121.000 euros de anualidade dos 1,1 millóns plurianuais previstos; e a mellora de abrigo e atracadas en Portosín, cunha anualidade de 360.000 euros para 2025 e un orzamento plurianual de 2,4 millóns. Esta última obra inicia hoxe o procedemento de licitación.

Ademais destas partidas para obras singulares de cada porto, os orzamentos recollen importantes investimentos xerais que abranguen varios peiraos. É o caso da dotación de luminarias LED en 26 portos autonómicos, para os que se prevén 3,6 millóns de euros, dos que 1,4 irán destinados a Noia e Barbanza. O mesmo ocorre con plan de renovación de firmes e pavimentos noutros tantos portos, para o que se orzan en total 1,8 millóns de euros, dos que máis de 400.000 se destinan a Noia e Barbanza.

Os orzamentos deseñados por Portos de Galicia responden ao obxectivo de modernización das infraestruturas portuarias autonómicas, mellorando as condicións de traballos das mulleres e homes do mar, adaptando as instalacións para acoller novas actividades, xerar valor engadido aos produtos do mar e reforzar a competitividade exterior do sistema portuario galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS